



TÍTULO II GASTOS DE PERSOAL

III. TÍTULO II GASTOS DE PERSOAL

CAPÍTULO I. *Dos gastos do persoal ao servizo do sector público*

Artigo 12.- *Bases da actividade económica en materia de gastos de persoal*

Un. Aos efectos do establecido no presente Título, constitúen o sector público da Comunidade Autónoma:

- a) Os órganos estatutarios de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 12.2 do Estatuto de autonomía de Galicia para o Parlamento.
- b) A Administración da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos.
- c) As entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento a que se refire a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- d) As axencias públicas autonómicas.
- e) As entidades integrantes do sistema universitario de Galicia.
- f) As entidades públicas empresariais ás que fai referencia o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- g) Os consorcios autonómicos a que se refire o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- h) As sociedades mercantís públicas autonómicas a que se refire o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- i) As fundacións públicas sanitarias e as demais fundacións do sector público da Comunidade Autónoma a que se refire o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Dous. As retribucións íntegras do persoal ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia non poderán experimentar no ano 2015 ningún incremento con respecto ás vixentes o 31 de decembro de 2014, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal coma á súa antigüidade.

Tres.- Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos deberán experimentar a oportuna adecuación, resultando inaplicables as cláusulas que establezan calquera tipo de incremento. Debido ás actuais circunstancias económicas excepcionais, suspéndese a aplicación dos pactos ou acordos asinados que supoñan incrementos retributivos para o ano 2015.

Ademais, mantense a suspensión da aplicación do punto décimo oitavo do Texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 publicado pola Resolución do 31 de xullo de 2013 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Catro.- O disposto nas alíneas precedentes entenderase sen prexuízo das adecuacións retributivas que con carácter singular e excepcional resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos seus obxectivos. En calquera caso, calquera modificación da lexislación básica do estado que se produza ao longo do ano 2015 non afectará ás retribucións derivadas da presente lei en tanto non se absorba a diferenza.

Cinco.- As referencias relativas a retribucións contidas nesta lei enténdense sempre feitas a retribucións íntegras.

Seis.- As referencias contidas na normativa vixente relativas a haberes líquidos, para os efectos do cálculo de anticipos reintegrables ao persoal funcionario, entenderanse feitas ás retribucións básicas e complementarias que perciba este nos seus importes líquidos.

Artigo 13.- *Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal.*

Un.- Durante o ano 2015, non se procederá no sector público delimitado no artigo anterior á incorporación de novo persoal, salvo a que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores. Esta limitación alcanza ás prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Estatuto Básico do Empregado Público.

Respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do Capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, a limitación contida na alínea anterior non será aplicable aos seguintes sectores e administracións, nos que, de acordo coa normativa básica, a taxa de reposición de efectivos se fixará ata un máximo do 50 por cento:

- a) Prazas para o acceso aos corpos de funcionarios docentes da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- b) Prazas de hospitais e centros de saúde do Sistema Nacional de Saúde.
- c) Prazas para o control e loita contra a fraude fiscal, laboral, de subvencións públicas e en materia de Seguridade Social, e do control da asignación eficiente dos recursos públicos.
- d) Prazas de asesoramento xurídico e para a xestión dos recursos públicos.
- e) Prazas correspondentes ao persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios.
- f) Prazas dos corpos de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade e de persoal de administración e servizos das universidades, nos termos establecidos na normativa básica.

Dous.- A taxa de reposición de efectivos correspondente a un ou varios dos sectores prioritarios a que se refire o punto anterior, poderá acumularse noutro ou noutros dos sectores contemplados no citado precepto ou naqueles corpos, escalas ou categorías profesionais de algún ou algúns dos mencionados sectores, a cobertura dos cales se considere prioritaria ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

A oferta de emprego público así calculada incluírá todos os postos e prazas desempeñados por persoal laboral contratado ou persoal interino nomeado, ao que se refire a alínea a) do punto 1 do artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, excepto aqueles sobre os que exista unha reserva do posto ou que estean incurso en procesos de provisión ou se decida a súa amortización, existentes neses sectores, funcións e categorías profesionais. Tamén se incluírán aqueles postos aos que se adscribiran os afectados por unha resolución xudicial de recoñecemento dunha relación laboral de carácter indefinido non fixo. Con este fin, realizaranse as adecuacións nos orzamentos que resulten precisas e sempre de acordo co previsto no artigo 9 desta lei.

Tres.- Durante o ano 2015, non se autorizarán convocatorias de postos ou prazas vacantes de persoal laboral das entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que deberán ser autorizadas pola Dirección Xeral da Función Pública e pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Co obxecto de posibilitar a adecuada optimización dos recursos humanos existentes no sector público autonómico e conforme dispón a normativa básica, as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán contratar persoal funcionario ou laboral cunha relación preexistente de carácter fixa e indefinida no sector público autonómico. Estes contratos xerarán o dereito a seguir percibindo, desde a data da súa celebración, o

complemento de antigüidade na mesma contía que se viñera percibindo na consellería, organismo público, sociedade, fundación ou consorcio de procedencia.

Catro.- O Consello da Xunta poderá autorizar, coa limitación establecida na alínea Un deste artigo, por proposta da Dirección Xeral da Función Pública ou, se é o caso, das consellarías competentes na materia e co informe favorable da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, a convocatoria das prazas vacantes de persoal funcionario e do persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Cinco.- Durante o ano 2015, non se procederá, no sector público da Comunidade Autónoma delimitado no artigo anterior, á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais segundo o establecido nos artigos seguintes.

Artigo 14.- *Contratación de persoal laboral temporal e nomeamento de persoal funcionario interino no ámbito da comunidade autónoma e os seus organismos autónomos e axencias públicas.*

Un.- Durante o ano 2015, no ámbito a que se refiren as letras b) e d) da alínea Un do artigo 12 desta lei, poderán proveerse, en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que non poidan ser atendidas mediante procesos de reestructuración dos efectivos existentes, postos vacantes mediante a contratación de persoal laboral temporal ou mediante o nomeamento de persoal estatutario temporal ou persoal funcionario interino dos seguintes ámbitos:

- a) Persoal docente, non docente e laboral de centros docentes.
- b) Persoal dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde.
- c) Persoal de centros e residencias de servizos sociais.
- d) Persoal adscrito ao servizo de defensa contra incendios forestais.
- e) Persoal laboral e persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.
- f) Persoal adscrito ao sistema integrado de emerxencias e protección civil.

As devanditas contratacións e nomeamentos adecuaranse estritamente ás necesidades do servizo e estarán sempre vinculadas á existencia dun posto de traballo vacante e dotado orzamentariamente.

As direccións xerais competentes remitiranlle á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, con periodicidade mensual, a relación de todas as contratacións de persoal laboral e o nomeamento de persoal funcionario interino e persoal estatutario interino realizados con base nesta excepción. Xunto coa relación achegarase unha memoria explicativa que xustifique a necesidade urxente e inaprazable e o carácter imprescindible para o funcionamento do servizo.

Dous.- Durante o ano 2015, no ámbito determinado neste artigo e con carácter excepcional poderán realizarse contratacións de persoal laboral temporal ou nomearse persoal funcionario interino para a cobertura de postos vacantes cuxa necesidade de cobertura xurda ao longo do ano nas relacións de postos de traballo, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos. Para estes efectos o departamento solicitante deberá remitir unha memoria xustificativa de que a cobertura do posto non se pode realizar mediante outro sistema e resulta absolutamente imprescindible para o funcionamento do servizo.

Tres.- Durante o ano 2015, no ámbito determinado neste artigo, poderán atenderse os excesos ou as acumulacións de tarefas mediante a contratación temporal de persoal laboral e o nomeamento de persoal funcionario interino sen adscrición a praza, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e de acordo cos límites que se establecen na letra a) da alínea Tres do artigo 8 desta lei. O gasto derivado destas contratacións imputarase necesariamente aos subconceptos 131.24, «Acumulacións de tarefas de persoal laboral temporal», e 120.24, «Acumulacións de tarefas de persoal funcionario non docente».

Para estes efectos, o departamento solicitante deberá remitir unha memoria xustificativa da actividade que motiva a contratación, que esta resulta absolutamente imprescindible para o funcionamento do servizo e que non puido ser atendida coas dotacións de persoal existentes ou mediante procesos de reestruturación dos efectivos dispoñibles.

Catro.- Durante o ano 2015, no ámbito determinado neste artigo, poderán acordarse as substitucións transitorias, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, sempre que non poidan ser atendidas mediante unha redistribución de funcións dos efectivos existentes e dentro das limitacións orzamentarias previstas e que cando unha vez valorada polos responsables de xestión a duración prevista da devandita situación resulten absolutamente imprescindibles para o funcionamento do servizo.

A dita autorización conxunta non será necesaria nas seguintes substitucións:

- a) Persoal docente, non docente e laboral de centros docentes.

- b) Persoal dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde.
- c) Persoal de centros e residencias de servizos sociais.
- d) Persoal adscrito ao servizo de defensa contra incendios forestais.
- e) Persoal veterinario que preste os seus servizos en matadoiros e lonxas ou nos servizos de sanidade e produción animal dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar.
- f) Persoal administrativo que preste os seus servizos nas oficinas de rexistro unificadas da administración da comunidade autónoma.
- g) Persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.
- h) Persoal adscrito ao sistema integrado de emerxencias e protección civil.
- i) Persoal que se encontre en situación de permiso por parto, adopción ou acollemento.
- j) Persoal laboral relevista sustituto do xubilado parcial, independentemente da natureza xurídica do posto que este desempeñe.

Cinco.- Durante o ano 2015, no ámbito determinado neste artigo, poderá efectuarse o nomeamento de persoal funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal, segundo o previsto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, logo do informe conxunto da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, cos seguintes requisitos:

- a) O financiamento debe proceder de fondos da Unión Europea ou da Administración estatal.
- b) O nomeamento non poderá ter unha duración superior á de execución do programa, que, en todo caso, non superará os tres anos previstos na normativa básica ou, se é o caso, na que se dite no seu desenvolvemento.
- c) O persoal funcionario interino non ocupará prazas da relación de postos de traballo e a súa selección e nomeamento axustaranse ao procedemento establecido polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento do persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

Seis.- De conformidade co establecido neste artigo, a aplicación dos pactos e acordos que prevexan medidas relativas á cobertura das ausencias do persoal das institucións sanitarias deberá respectar o carácter absolutamente imprescindible das substitucións transitorias do persoal. En consecuencia, serán os órganos de xestión das institucións sanitarias os que, atendendo as necesidades asistenciais, determinarán as medidas axeitadas para manter a cobertura asistencial, adecuándose, asemade, aos principios e criterios de responsabilidade na xestión do gasto e de eficiencia na asignación e o emprego dos recursos públicos, atendendo a situación económica e o cumprimento do principio de sustenta-

bilidade financeira, consonte o preceptuado na Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Artigo 15.- *Contratación de persoal laboral de carácter temporal para a realización de obras ou servizos previstos no anexo de investimentos*

Un.- Durante o ano 2015, no ámbito a que se refiren as letras b) e d) da alínea Un do artigo 12 desta lei poderán formalizarse contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servizos, sempre que se dea a concorrencia dos seguintes requisitos:

- a) Que a contratación teña por obxecto a execución de obras por administración de acordo co disposto na lexislación de contratos do sector público, ou a realización de servizos que teñan a natureza de investimentos.
- b) Que tales obras ou servizos correspondan a investimentos previstos e aprobados nos orzamentos xerais da comunidade autónoma.
- c) Que pola natureza das obras ou dos servizos non poidan ser executados por persoal fixo.
- d) Que se refiran a obras e proxectos concretos.

Do cumprimento dos anteriores requisitos deberase deixar constancia no correspondente expediente de contratación.

Dous.- Os contratos teranse que formalizar seguindo as prescricións dos artigos 15 e 17 do Estatuto dos traballadores e conforme o disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Nos contratos farase constar a obra ou o servizo para cuxa realización se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre contratos laborais, eventuais ou temporais. Os incumprimentos destas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das que se determinen nos contratos, que puideren derivar no recoñecemento como persoal laboral indefinido non fixo, poderán dar lugar á existencia de responsabilidades, segundo o artigo 122 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Tres.- A realización destes contratos será obxecto de fiscalización previa nos casos nos que esta resulte preceptiva, de conformidade co establecido nos artigos 94 a 117 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro. A intervención delegada do departamento,

ou órgano equivalente, certificará, despois da proposta fundamentada do xestor, que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria que corresponda computado sempre na súa proxección anual.

Catro.- A contratación poderá exceder o exercicio orzamentario cando se trate de obras ou servizos que excedan o devandito exercicio e correspondan a proxectos de investimento de carácter plurianual que cumpran os requisitos que para estes se prevén no artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Cinco.- O servizo xurídico do departamento ou organismo emitirá informe sobre os contratos con carácter previo á súa formalización e, en especial, pronunciarase sobre a modalidade de contratación utilizada e a observancia nas cláusulas do contrato dos requisitos e das formalidades esixidos pola lexislación laboral.

Seis.- Non se poderán realizar contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servizos previstos no anexo de investimentos sen informe favorable da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e autorización da dirección xeral competentes en materia de orzamentos.

Sete.- Durante o ano 2015 e no ámbito a que se refire a alínea Un, requirirán informe favorable das direccións xerais competentes en materia de avaliación e reforma administrativa e orzamentos os contratos de persoal investigador de carácter laboral baixo algunha das modalidades específicas recollidas no artigo 20 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, así como baixo a modalidade de proxectos específicos de investigación científica y técnica conforme ao artigo 15.1.a) do Estatuto dos Traballadores.

Oito.- O gasto xerado polas contratacións reguladas neste artigo, incluído o das suxeitas normativamente ao Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial de artistas en espectáculos públicos, así como do persoal temporal asociado a proxectos de investigación, imputaranse ao concepto correspondente do artigo 13 no programa e na consellería ou organismo de que se trate, sen prexuízo de que se financie con cargo aos respectivos créditos de investimentos, para os efectos do cal se poderán realizar as transferencias de crédito correspondentes.

Artigo 16.- *Contratación de persoal temporal no ámbito das restantes entidades públicas instrumentais.*

Un.- Durante o ano 2015, no ámbito a que se refiren as letras c), f), g), h) e i) da alínea Un do artigo 12 desta lei e con carácter excepcional poderán realizarse contratacións de persoal laboral temporal ou nomearse persoal funcionario interino ou persoal estatutario interino para a cobertura de postos vacantes e substitucións transitorias cuxa necesidade de cobertura xurda ao longo do ano 2015 nos cadros de persoal ou nas relacións de postos de traballo, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, que se poderá conceder tras a debida xustificación motivada da entidade solicitante de que a cobertura resulta absolutamente imprescindible para o funcionamento da entidade.

Dous.- Non será necesario solicitar a autorización conxunta requirida na alínea anterior nas seguintes contratacións de novo persoal laboral temporal e nomeamentos de persoal estatutario temporal, e persoal funcionario interino para a cobertura de postos vacantes e substitucións transitorias cuxa necesidade de cobertura xurda ao longo do ano:

- a) Persoal dedicado á defensa contra incendios forestais.
- b) Persoal que preste servizo nas unidades asistenciais das sociedades sanitarias e fundacións sanitarias.
- c) Persoal de centros e residencias de servizos sociais.

Tres.- Durante o ano 2015, no ámbito determinado na aliña Un, poderanse realizar, excepcionalmente, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, tras a debida xustificación motivada da entidade solicitante de que a cobertura resulta absolutamente imprescindible e de que a necesidade non pode ser satisfeita mediante unha redistribución de funcións dos efectivos existentes as seguintes contratacións:

- Contratacións de persoal laboral temporal na modalidade de obra ou servizo determinado.
- Contratacións de persoal laboral temporal na modalidade de acumulación de tarefas.

Para estes efectos, deberase remitir unha memoria xustificativa da necesidade da contratación solicitada e da adecuación da modalidade contractual. Así mesmo, incluírase unha memoria económica na que se valoren todos os aspectos económicos da solicitude e da forma de financiamento.

Catro.- Os contratos teranse que formalizar seguindo as prescricións dos artigos 15 e 17 do Estatuto dos traballadores e conforme o disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Nos contratos farase constar a obra ou o servizo para cuxa realización se formaliza o contrato

e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre contratos laborais, eventuais ou temporais. Os incumprimentos destas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das que se determinen nos contratos, que puideren derivar no recoñecemento como persoal laboral indefinido non fixo, poderán dar lugar á exixencia de responsabilidades, segundo o artigo 122 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Cinco.- Con periodicidade mensual deberase remitir á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos a información referida a todas as contratacións realizadas durante o período pola entidade, independentemente da modalidade contractual e da súa duración.

Artigo 17.- *Contratación de persoal vinculado a encomendas de xestión.*

Durante o ano 2015 as encomendas de xestión que realicen a Administración da Xunta de Galicia, os seus organismos autónomos ou as axencias públicas ás entidades a que se refiren as letras f), h) e i) da alínea Un do artigo 12 desta lei non poderán supoñer a contratación de persoal temporal por parte das ditas entidades con cargo ás contías recibidas como contraprestación da realización das encomendas de xestión.

Quedan exceptuadas do disposto no parágrafo anterior as contratacións de persoal temporal que estiveren previstas no programa de actuación, investimento e financiamento.

Esta limitación non será aplicable a proxectos financiados con fondos finalistas do Estado e da Unión Europea.

CAPÍTULO II *Dos réximes retributivos*

Artigo 18.- *Retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo.*

Un.- No ano 2015 as retribucións dos Altos cargos non experimentarán incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2014, quedando, polo tanto, establecidas nas seguintes contías, sen prexuízo da percepción de catorce mensualidades da retribución por antigüidade que lles poidera corresponder de conformidade coa normativa vixente:

Presidente da Xunta: 66.923,04 €.

Vicepresidente e conselleiros: 58.659,48 €.

Secretarios xerais, secretarios xerais técnicos, directores xerais, delegados territoriais e asimilados: 51.593,54 €.

Dous.- No ano 2015 as retribucións dos membros do Consello de Contas non experimentarán incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2014, quedando, polo tanto, establecidas nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

Conselleiro maior: 62.223,84 €.

Conselleiros: 58.659,48 €.

Tres.- No ano 2015 as retribucións dos membros do Consello Consultivo de Galicia non experimentarán incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2014, quedando, polo tanto, establecidas nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

Presidente: 62.223,84 €.

Conselleiros: 58.659,48 €.

Catro.- No ano 2015 as retribucións totais do persoal directivo a que se refire o artigo 7 do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, do restante persoal previsto nese decreto e dos altos cargos das entidades públicas instrumentais de consulta e asesoramento non experimentaran incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2014.

Cinco.- Por proposta da persoa titular da consellaría á que se atopen adscritas, as retribucións iniciais das persoas titulares das presidencias e vicepresidencias e, se é o caso, das direccións xerais das entidades ás que se refire a alínea anterior deste artigo serán autorizadas, logo do informe conxunto da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, pola persoa titular da Consellería de Facenda.

Artigo 19.- *Complemento persoal.*

O persoal funcionario designado para ocupar postos incluídos nos anexos de persoal dos orzamentos da Administración xeral, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas que dean lugar á consideración de alto cargo e que no momento do seu nomeamento manteña unha relación de servizo permanente, non con-

tractual, con algunha administración pública non poderá percibir retribucións inferiores ás que tiña asignadas no posto de procedencia.

Cando se produza esa circunstancia, o persoal indicado terá dereito a percibir un complemento persoal equivalente á diferenza entre a totalidade dos conceptos retributivos, básicos e complementarios, do posto de orixe, con exclusión das gratificacións por servizos extraordinarios, en cómputo anual, e as retribucións do mesmo carácter que lle correspondan polo posto que ocupe na Administración autonómica galega.

O recoñecemento do dereito á percepción deste complemento será realizado en cada caso pola Dirección Xeral da Función Pública.

Os complementos persoais e transitorios permanecerán coas mesmas contías que o 31 de decembro do ano 2014.

Artigo 20.- *Retribucións das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior.*

As contías das retribucións das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior para o ano 2015 non poderán experimentar ningún incremento respecto das vixentes o 31 de decembro do ano 2014, sen prexuízo do dereito ás indemnizacións, as axudas de custo e a aplicación de coeficientes por razón de servizo que poidan corresponderlles por residencia no estranxeiro. Así mesmo terán dereito a percibir os trienios que poidan ter recoñecidos como persoal funcionario e persoal ao servizo das administracións públicas.

Artigo 21.- *Retribucións dos consellos de administración.*

No ano 2015 as retribucións dos consellos de administración das sociedades mercantís públicas ou das entidades públicas empresariais non experimentarán incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2014.

Artigo 22.- *Criterios retributivos en materia de persoal funcionario.*

Un.- As retribucións que percibirá no ano 2015 o persoal funcionario da Comunidade Autónoma incluído no ámbito de aplicación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, que desempeñen postos de traballo para os que o

Goberno da Comunidade Autónoma aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na devandita lei, serán as seguintes:

- a) O soldo e trienios, nas nóminas ordinarias de xaneiro a decembro de 2015, que corresponda ao grupo ou subgrupo no que se atope clasificado o corpo ou a escala a que pertenza a persoa funcionaria, coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Grupo/Subgrupo Lei 7/2007	Soldo	Trienios
A1	13.308,60	511,8
A2	11.507,76	417,24
B	10.059,24	366,24
C1	8.640,24	315,72
C2	7.191,00	214,8
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007, do 12 de abril)	6.581,64	161,64

- b) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano e percibiranse de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1989. O importe de cada unha destas pagas será o importe do soldo e dos trienios establecido a continuación e dunha mensalidade de complemento de destino:

Grupo/Subgrupo Lei 7/2007	Soldo	Trienios
A1	684,36	26,31
A2	699,38	25,35
B	724,50	26,38
C1	622,30	22,73
C2	593,79	17,73
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007, do 12 de abril)	548,47	13,47

Cando o persoal funcionario preste unha xornada de traballo reducida durante os seis meses anteriores aos meses de xuño e decembro, o importe da paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.

- c) O complemento de destino correspondente ao nivel do posto de traballo que se desempeñe, de acordo coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Nivel	Euros
30	11.625,00
29	10.427,16
28	9.988,80
27	9.550,20
26	8.378,40
25	7.433,64
24	6.995,04
23	6.556,92
22	6.118,08
21	5.680,20
20	5.276,40
19	5.007,00
18	4.737,48
17	4.467,96
16	4.199,16
15	3.929,28
14	3.660,12
13	3.390,36
12	3.120,84
11	2.851,44
10	2.582,28

- d) O complemento específico anual que, se é o caso, estea fixado ao posto que se desempeñe. Este complemento non experimentará na súa contía anual ningún incremento con respecto da vixente a 31 de decembro de 2014 e percibirase en doce mensualidades.

- e) O complemento de produtividade que, se é o caso, se destine a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou a iniciativa con que o persoal funcionario desempeñe o seu traballo, nos termos establecidos no artigo 69.3.c) do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo.

O complemento de produtividade establecerase de acordo con criterios obxectivos que aprobe o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría correspondente e logo do informe da Dirección Xeral da Función Pública, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, unha vez escoitados os órganos de representación do persoal. Os complementos de produtividade débense facer públicos nos centros de traballo.

As contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

- f) As gratificacións por servizos extraordinarios.

Estas gratificacións serán concedidas logo de autorización do Consello da Xunta por proposta da consellaría respectiva, cando a súa contía exceda, para todo o exercicio 2015, de 40.000 euros en total. No caso contrario a súa autorización corresponderalle á consellaría.

En todo caso, as devanditas gratificacións terán carácter excepcional e soamente poderán ser recoñecidas polos servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo, sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo.

- g) Os complementos persoais e transitorios recoñecidos en cumprimento do disposto no artigo 10 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1989.

Estes complementos persoais e transitorios serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza no ano 2015, incluídas as derivadas do cambio de posto de traballo. Non se considerarán en ningún caso os trienios, o complemento de produtividade nin as gratificacións por servizos extraordinarios, para estes efectos.

Incluso no caso de que o cambio de posto de traballo determine unha diminución das retribucións manterase o complemento persoal transitorio fixado ao producirse a aplicación do novo sistema, á absorción do cal se lle imputará calquera mellora retributiva ulterior, mesmo a que poida derivar do cambio de posto de traballo.

Dous.- Para os efectos do disposto na alínea anterior, as retribucións que percibirá o persoal funcionario que ata a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007 viñan referenciadas aos grupos de titulación previstos na lexis-

lación da función pública galega, e que se corresponden nos mesmos termos cos grupos recollidos no texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, pasan a estar referenciadas aos grupos e subgrupos de clasificación profesional establecidos no artigo 76 e na disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do emprego público, sen experimentar outras variacións que as derivadas desta lei. As equivalencias entrambos os sistemas de clasificación son as seguintes:

Grupo A Decreto lexislativo 1/2008	Subgrupo A1 Lei 7/2007
Grupo B Decreto lexislativo 1/2008	Subgrupo A2 Lei 7/2007
Grupo C Decreto lexislativo 1/2008	Subgrupo C1 Lei 7/2007
Grupo D Decreto lexislativo 1/2008	Subgrupo C2 Lei 7/2007
Grupo E Decreto lexislativo 1/2008	Agrupacións profesionais Lei 7/2007

Tres.- O persoal funcionario interino incluído no ámbito de aplicación da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do emprego público, percibirá a totalidade das retribucións básicas, incluídos trienios e pagas extraordinarias, e a totalidade das retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo para o que sexan nomeados, excluídos os que estean vinculados á condición de persoal funcionario de carreira.

Catro.- O complemento de produtividade poderáselle atribuír, se é o caso, ao persoal funcionario interino ao que se refire a alínea anterior, así como ao persoal funcionario en prácticas cando estas se realicen desempeñando un posto de traballo e estea autorizada a aplicación do devandito complemento ao persoal funcionario que desempeñe análogos postos de traballo, agás que ese complemento estea vinculado á condición de persoal funcionario de carreira.

Cinco. Na Administración da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas, nos casos de adscrición durante o ano 2015 de persoal funcionario suxeito a un réxime retributivo distinto do correspondente ao posto de traballo ao que se adscribe, o devandito persoal funcionario percibirá as retribucións que correspondan ao posto de traballo que desempeñe, logo da oportuna asimilación que autorice a Dirección Xeral da Función Pública por proposta das consellarías interesadas.

Só para os efectos da asimilación á que se refire o parágrafo anterior, a Dirección Xeral da Función Pública poderá autorizar que a contía da retribución por antigüidade sexa a que proceda de acordo co réxime retributivo de orixe do persoal funcionario.

A Dirección Xeral da Función Pública comunicarlle estas autorizacións á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos para o seu coñecemento.

Artigo 23.- *Criterios retributivos en materia de persoal laboral.*

Un. A masa salarial do persoal laboral dos entes e organismos que se indican na alínea Un do artigo 12 desta lei, que non experimentarán ningún incremento con respecto á vixente o 31 de decembro de 2014, estará integrada polo conxunto das retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social devengados polo devandito persoal no ano 2014.

Exceptúanse en todo caso:

- a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.
- b) As cotizacións ao sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.
- c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.
- d) As indemnizacións ou os suplidos por gastos que tivera que realizar o traballador ou a traballadora.

As variacións da masa salarial bruta calcularanse en termos de homoxeneidade respecto dos dous períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos reais do persoal laboral e antigüidade deste coma ao réxime privativo de traballo, xornada legal ou contractual, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, computándose, en consecuencia, por separado as cantidades que correspondan á variación de tales conceptos. Con cargo á masa salarial así obtida para o ano 2015 deberase satisfacer a totalidade das retribucións do persoal laboral derivadas dos convenios ou acordos colectivos que se subscriban no ano 2015 e todas as que se produzan ao longo do exercicio, agás as que lle corresponde devengar ao devandito persoal no citado ano polo concepto de antigüidade.

As indemnizacións ou os suplidos deste persoal non poderán experimentar crecementos con respecto ao ano 2014.

Dous.- As retribucións do persoal laboral ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia delimitado na alínea Un do artigo 12 desta lei non experimentarán ningún incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2014.

Artigo 24.- *Retribucións do persoal ao servizo das institucións sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Un.- En aplicación do previsto na disposición transitoria sexta.l.a) da Lei 55/2003, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o persoal incluído no ámbito de aplicación do Real decreto lei 3/1987, do 11 de setembro, sobre retribucións do persoal estatutario do Instituto Nacional da Saúde, percibirá as retribucións básicas e o complemento de destino nas contías sinaladas para os devanditos conceptos retributivos nas letras a), b) e c) da alínea Un do artigo 22.

O importe anual das retribucións correspondentes ao complemento específico, complemento de produtividade fixa, ao complemento de atención continuada e mais ao complemento de penosidade, responsabilidade e dificultade e á carreira profesional que, se é o caso, lle corresponda ao referido persoal, non experimentará, ningún incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2014.

A contía individual do complemento de produtividade determinarase conforme aos criterios sinalados no artigo 2.tres.c) e na disposición transitoria terceira do Real decreto lei 3/1987 e no artigo 43.2 da Lei 55/2003, e nas demais normas ditadas para o seu desenvolvemento.

Dous.- As retribucións do restante persoal estatutario, funcionario e laboral das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde non experimentarán ningún incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2014.

Tres.- Nos supostos de pactos e acordos que establezan a asignación de conceptos retributivos ligados á prestación dunha xornada complementaria ou adicional á fixada nos propios acordos como xornada ordinaria, o aboamento dos ditos conceptos requirirá da acreditación da prestación efectiva dos servizos.

En ningún caso se poderán satisfacer percepcións retributivas ou asignacións económicas, incluíndo as suplementarias ou mediadas, derivadas de atención continuada, gardas ou concepto equivalente cando non exista prestación efectiva dos servizos motivada por situacións de incapacidade temporal, salvo naqueles supostos expresamente contemplados nunha norma con rango de lei.

Catro.- Os requisitos para a modificación das retribucións do persoal ao que se refire este artigo serán os establecidos no artigo 29 desta lei.

Artigo 25.- *Retribucións do persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza.*

Un.- O persoal funcionario dos corpos ao servizo da Administración de xustiza que desempeñe as súas funcións no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia percibirá as retribucións previstas na lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015 e na demais normativa que lle sexa de aplicación.

Dous.- Os complementos e melloras retributivas reguladas nas disposicións ou acordos adoptados polos órganos da comunidade autónoma no exercicio das súas competencias con respecto a este persoal non experimentarán incremento ningún respecto das contías vixentes para o ano 2014.

Artigo 26.- *Criterios retributivos aplicables ao persoal ao servizo da comunidade autónoma non incluído nos artigos anteriores.*

Un.- No ano 2015 as retribucións básicas e as complementarias de carácter fixo e periódico do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma non incluído nos artigos anteriores non experimentarán incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2014, sen prexuízo, se é o caso, da adecuación destas últimas cando sexa necesaria para asegurar que a retribución total de cada posto de traballo garde a relación procedente coa súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade e penosidade.

Dous.- O conxunto das restantes retribucións complementarias, se é o caso, non experimentará ningún incremento con respecto ás vixentes ó 31 de decembro do ano 2014, sen prexuízo das modificacións que deriven da variación do número de efectivos asignados a cada programa, do grao de consecución dos obxectivos fixados para aquel e do resultado individual da súa aplicación.

Tres.- Os complementos persoais e transitorios e as demais retribucións que teñan análogo carácter rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto nesta lei.

Catro.- As indemnizacións por razón do servizo rexeranse pola súa normativa específica.

Cinco.- As prestacións familiares establecidas pola normativa específica do réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, das Forzas Armadas e da Administración de xustiza, extensiva, preceptivamente, a determinado persoal funciona-

rio da Comunidade Autónoma, liquidaráselles ás persoas beneficiarias conforme o que determinen as leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou calquera outra disposición que as regule.

CAPÍTULO III *Outras disposicións en materia de réxime de persoal activo*

Artigo 27.- *Prohibición de ingresos atípicos.*

O persoal comprendido dentro do ámbito de aplicación desta lei, con excepción daquel sometido ao réxime de arancel, non poderá percibir ningunha participación nos tributos, nas comisións ou noutros ingresos de calquera natureza que lle correspondan á administración ou a calquera poder público como contraprestación de calquera servizo ou xurisdición, nin participación ou premio en multas impostas aínda que estean normativamente atribuídas a eles, debendo percibir unicamente as remuneracións do correspondente réxime retributivo, sen prexuízo do que resulte da aplicación do sistema de incompatibilidades e do disposto na normativa específica sobre gozo de vivenda por razón do traballo ou cargo desempeñado.

Artigo 28.- *Relacións de postos de traballo.*

Un.- As relacións de postos de traballo poderán modificarse para executar as sentencias xudiciais firmes de recoñecemento dunha relación laboral de carácter indefinido non fixo que requiran a creación de postos de traballo, por non poder adscribir aos afectados a un posto preexistente que estea vacante sen ocupación. Este posto preexistente deberá ser acorde coa natureza funcionarial ou laboral en relación coas funcións asignadas pola sentenza xudicial firme para poder adscribir ao mesmo ao persoal afectado.

Con carácter xeral, os postos de traballo de carácter administrativo da Administración da comunidade autónoma serán creados como de persoal funcionario, salvo que, pola natureza das súas funcións teñan que ser creados para ser desempeñados por persoal laboral, de acordo co que establece a normativa de función pública.

A súa creación proporase no prazo máximo de tres meses contados a partir da data de firmeza da sentenza xudicial e, una vez creado o posto, adscribirase provisionalmente a el á persoa afectada pola sentenza, procedéndose seguidamente á súa cobertura mediante os sistemas de selección e provisión legalmente establecidos.

Sen prexuízo do anterior, as consellerías e os seus organismos dependentes poderán propoñer mediante a correspondente modificación da relación de postos de traballo a

amortización daqueles postos de traballo que consideren que non son necesarios para o cumprimento das funcións que teñen asignadas.

Dous.- As relación de postos de traballo vixentes o 1 de xaneiro do ano 2015 deberán modificarse para axustalas ás previsións orzamentarias que se deducen do anexo de persoal da presente lei, sen que, mentres tanto, se poidan prover, provisional ou definitivamente, aqueles postos para os que non estea prevista dotación nos mencionados anexos. Mentres non se realicen as mencionadas adaptacións, os códigos de liña orzamentaria do anexo de persoal so poderán ter asignados créditos para dotacións de postos de traballo, para substitucións de persoal temporal ou para conceptos retributivos específicos.

Artigo 29.- *Requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario.*

Un.- Será necesario informe favorable emitido conxuntamente pola Dirección Xeral da Función Pública e pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos para determinar ou modificar as condicións retributivas do persoal non funcionario e laboral ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia delimitado na alínea Un do artigo 12 desta lei.

Dous.- Con carácter previo ás negociacións de convenios ou acordos colectivos que se subscriban no ano 2015, deberase solicitar da Consellería de Facenda a correspondente autorización de masa salarial, que cuantifique o límite máximo das obrigas que poidan contraerse como consecuencia dos devanditos pactos, achegando para o efecto a certificación das retribucións salariais satisfeitas e devengadas durante o ano 2014.

Cando como consecuencia de convenios ou acordos colectivos resulte a obriga de recoñecementos de complementos persoais de carácter transitorio, deberase establecer que estes complementos serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza nos exercicios sucesivos, incluídas as derivadas do cambio de posto de traballo. Non se considerarán en ningún caso o complemento de antigüidade, o complemento de produtividade nin as horas extraordinarias para estes efectos.

Cando se trate de persoal non suxeito a convenio colectivo cuxas retribucións veñan determinadas en todo ou en parte mediante contrato individual, deberánselle comunicar á Consellería de Facenda as retribucións satisfeitas e devengadas durante o ano 2014.

Para a determinación das retribucións de postos de traballo de nova creación bastará coa emisión do informe ao que se refire a alínea Un deste artigo.

Tres.- Para os efectos das alíneas anteriores, entenderase por determinación ou modificación das condicións retributivas do persoal non funcionario as seguintes actuacións:

- a) A determinación das retribucións dos postos de nova creación.
- b) O asinamento de convenios colectivos subscritos polos organismos sinalados na alínea Un anterior, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.
- c) A aplicación de convenios colectivos de ámbito sectorial, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.
- d) A fixación de retribucións mediante contrato individual, xa se trate de persoal fixo ou contratado por tempo determinado, cando non veñan reguladas en todo ou en parte mediante convenio colectivo.
- e) O outorgamento de calquera clase de melloras salariais de tipo unilateral con carácter individual ou colectivo, aínda que deriven da aplicación extensiva do réxime retributivo dos funcionarios públicos.
- f) A determinación das retribucións correspondentes ao persoal contratado no exterior.

Catro.- Co fin de emitir o informe sinalado na alínea Un deste artigo, as consellarías, os organismos e os entes remitiranlles á Dirección Xeral da Función Pública e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos o correspondente proxecto, con carácter previo ao seu acordo ou asinamento no caso dos convenios colectivos ou contratos individuais, xunto coa achega da valoración de todos os seus aspectos económicos.

Cinco.- O sinalado informe será realizado no prazo máximo de quince días, que se contarán desde a data de recepción do proxecto e da súa valoración, e versará sobre todos aqueles extremos dos que deriven consecuencias directas ou indirectas en materia de gasto público, tanto para o ano 2015 coma para exercicios futuros e, especialmente, no que se refire á determinación da masa salarial correspondente e ao control do seu crecemento.

Seis.- Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra dun informe desfavorable, así como os pactos que impliquen crecementos salariais para exercicios sucesivos contrarios ao que determinen as futuras leis de orzamentos.

Sete.- Non se poderán autorizar gastos derivados da aplicación das retribucións para o ano 2015 sen o cumprimento dos requisitos establecidos neste artigo.

Artigo 30.- *Persoal directivo das entidades instrumentais do sector público da comunidade autónoma.*

Un.- Nos contratos laborais do persoal de alta dirección das entidades ás que se refire este artigo non se poderán fixar indemnizacións, en razón da extinción da relación xurídica coa entidade correspondente, de contía superior á fixada na lexislación reguladora desta relación laboral de carácter especial.

Dous.- En tanto non se estableza o réxime xurídico específico do persoal directivo, o persoal funcionario de carreira ou estatutario fixo que desempeñe un posto de persoal directivo profesional nas entidades instrumentais do sector público autonómico, configurado como tal nas relacións de postos de traballo, e sempre que reúna os requisitos establecidos para cada posto, estará na situación de servizo activo no seu respectivo corpo e/ou escala.

O sistema de provisión para a cobertura de ditos postos será a libre designación con convocatoria pública, de conformidade cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, todo iso de acordo coa normativa de función pública.

Cando o nomeamento deste persoal para desempeñar un posto directivo nua entidade instrumental do sector público autonómico non modifique a súa situación administrativa, a asimilación retributiva será a que lle corresponda conforme ás contías previstas no Anexo do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, sen prexuízo das que lle correspondan pola antigüidade a que teña dereito na súa condición de empregado público en situación de servizo activo.

O nivel de complemento de destino que se tomará como referencia para a consolidación do grao persoal do persoal funcionario que desempeñen postos directivos profesionais será o que lle corresponda en función do cadro anexo á Orde da Consellería de Facenda do 19 de xuño de 2014, de conformidade coa clasificación da entidade e o nivel de responsabilidade do posto directivo.

Artigo 31.- *Nomeamento de profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non universitarios.*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá efectuar, nos centros docentes non universitarios, o nomeamento de profesorado interino con horarios de traballo inferiores aos establecidos con carácter xeral, que percibirán as retribucións básicas e complementarias de forma proporcional á xornada traballada.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tratará de completar o horario docente do persoal interino, compartindo, de ser necesario, varios centros de ensino, para minimizar deste xeito o número de prazas ofertadas segundo o parágrafo anterior.

No caso de ser necesario o nomeamento para prazas a tempo parcial, daráselle preferencia para optar a estas ao profesorado que voluntariamente queira acceder a elas, sobre todo a aquelas persoas que aleguen necesidades de conciliación da vida familiar e laboral.

Artigo 32.- *Profesores e profesoras de corpos docentes.*

Sen prexuízo do establecido con carácter xeral no artigo 74, alínea 5, do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, e atendendo as peculiaridades do persoal docente, recoñecidas polo artigo 1, alínea 2, do referido texto refundido, os profesores e as profesoras dos corpos docentes previstos no ámbito de xestión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderán percibir ata o total das súas retribucións tanto básicas coma complementarias cando sexan autorizados para o gozo de licenzas por estudos durante o curso escolar, nos supostos, termos, prazos e condicións que determine a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, co informe favorable da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Artigo 33.- *Persoal eventual e de gabinete.*

Un.- O persoal eventual de gabinete da Administración da Xunta de Galicia unicamente poderá ser adscrito aos departamentos nos que figuren as persoas que formen parte do Consello do Goberno galego.

Dous.- A Xunta de Galicia publicará na súa páxina web a información referida á totalidade do dito persoal.

Tres.- Prohíbese a contratación de persoal de gabinete por calquera das entidades instrumentais dependentes da Xunta de Galicia, así como por parte das súas delegacións territoriais.

CAPÍTULO IV. Universidades

Artigo 34.- Custos de persoal máximos das universidades de Galicia.

Un.- De conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, e en concordancia coa evolución da masa salarial do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma e coa normativa básica en materia de reposición de efectivos, quedan autorizados como límite máximo, e sen prexuízo do disposto na disposición adicional Décimo sexta desta lei, os seguintes custos do persoal das universidades, en miles de euros:

	MASA SALARIAL	CARGAS SOCIAIS	TOTAL
A Coruña	73.366,36	11.414,35	84.780,71
Santiago de Compostela	125.257,60	14.750,40	140.008,00
Vigo	77.214,92	11.975,46	89.190,38
Total	278.359,19	39.578,02	313.979,09

Dous.- As retribucións anuais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia non experimentaran incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2014.

Artigo 35.- Retribucións adicionais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia

O importe das retribucións adicionais correspondentes aos complementos retributivos autonómicos vinculados ao recoñecemento ao labor docente, ao labor investigador, polos cargos de xestión e á excelencia curricular docente e investigadora que, se é o caso, lle correspondan ao persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor non experimentarán, na súa contía anual, ningunha variación respecto das vixentes a 31 de decembro de 2014, sen prexuízo de que sobre elas se practiquen os axustes precisos para acadar a retribución sinalada no artigo anterior.

Artigo 36.- Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal do Sistema universitario de Galicia.

Un.- As universidades integrantes do Sistema universitario de Galicia, respectando as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos,

aplicarán unha taxa de reposición de cómo máximo un 50 por cento ás prazas dos corpos de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade e ás prazas de persoal de administración e servizos.

Dentro do límite da taxa de reposición correspondente aos mencionados corpos de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade, previsto no parágrafo anterior, cada universidade estará obrigada a destinar, como mínimo, un 15 por cento do total de prazas que oferte á contratación, como persoal laboral fixo, de persoal investigador doutor que finalizase o Programa Ramón y Cajal e obtivera o certificado I3. Das restantes prazas que oferte, cada universidade poderá destinar unha parte para o ingreso como profesor contratado doutor, nos termos previstos no artigo 52 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

As correspondentes convocatorias deberaas autorizar a Consellería de Facenda, logo de acreditar que a oferta de emprego público das mencionadas prazas non afecta ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a correspondente universidade, nin dos demais límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Dous.- Excepcionalmente e con autorización previa conxunta das consellerías competentes en materia de ordenación universitaria e de facenda, poderán proceder á provisión temporal de postos de persoal docente e investigador para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables, que, se é o caso, se publicarán no Diario Oficial de Galicia.

Para estes efectos, a institución solicitante deberá remitir unha memoria xustificativa que acredite os seguintes extremos:

- Que a cobertura se basea nas necesidades obxectivas de docencia na área de coñecemento en cuestión.
- Que cumpre o réxime de dedicación previsto na lei e que este non é superior aos encargos docentes que ten asignados a área de coñecemento.
- A fonte de financiamento da provisión solicitada.